

RESOLUCIÓN, DO 30 DE OUTUBRO DE 2025, POLA QUE SE ESTABLECEN AS PAUTAS E OS PRAZOS PARA REALIZAR A PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE (PAU 2026) DO ESTUDANTADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

De acordo co establecido no artigo 3 do Real decreto 534/2024, do 11 de xuño, polo que se regulan os requisitos de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, as características básicas da proba de acceso e a normativa básica dos procedementos de admisión, o acceso e a admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao realizarase con respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade. As administracións educativas determinarán as medidas necesarias para que, en todos os procedementos de acceso e admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, se garanta a igualdade de oportunidades, a accesibilidade universal e a non discriminación do estudantado con necesidades específicas de apoio educativo.

Sempre que estes trámites impliquen a realización dunha proba, estas medidas poderán consistir na adaptación dos tempos, o achegamento de modelos especiais de exame (en canto a formato) e a posta a disposición do estudantado dos medios materiais e humanos, asistencia e produtos de apoio necesarios para realizar as avaliacións e as probas que en cada caso correspondan. Hase de garantir a accesibilidade tanto da información e comunicación dos trámites coma dos locais ou espazo físico onde se realicen. A determinación destas medidas realizarase, se é o caso, en función das medidas de apoio educativo ou das adaptacións que se lle aplicasen á/ao estudante na etapa educativa anterior, para as que deberán colaborar as administracións educativas e os centros docentes. Non se poderá ter en conta ningunha das medidas consideradas para reducir as cualificacións obtidas.

A avaliación do estudantado con necesidades específicas de apoio educativo tomará como referencia as adaptacións curriculares realizadas ao longo da etapa educativa anterior, que tiveron que ser aplicadas durante todo o período da devandita etapa educativa (bacharelato ou ciclo formativo). Particularmente, teranse en conta medidas de flexibilidade e metodolóxicas na avaliación de lingua estranxeira para o estudantado con discapacidade, en especial para os casos de estudantado con discapacidade auditiva, estudantado con dificultades na súa expresión oral ou trastornos da fala. Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.

O tribunal cualificador das probas poderá requirir os informes e a colaboración precisa dos órganos técnicos competentes da administración educativa, así como dos centros onde cursasen bacharelato as/os estudantes con discapacidade. En todo caso, a solicitude deberá ir acompañada do correspondente certificado do secretario/a do centro que indique as adaptacións realizadas durante o bacharelato ou ciclo formativo superior.

O estudantado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado na proba de acceso á universidade (PAU) no sistema universitario de Galicia, cando requira unha adaptación específica para realizar a citada proba, poderá solicitar a adopción dalgunha das medidas arriba indicadas ante o presidente do tribunal único da proba segundo o procedemento de actuación establecido pola CIUG, **sempre que a adaptación fose aplicada durante toda a etapa educativa previa (bacharelato ou ciclo formativo)**, consonte o acordo a nivel de CRUE, agás casos excepcionais que xurdan con posterioridade (escolarización tardía do alumnado, causa sobrevida...).

Segundo o anteriormente exposto, esta presidencia da CiUG, nomeada na Resolución do 30 de outubro de 2025 (DOG do 10 de novembro), pola que se nomean os membros da Comisión Interuniversitaria de Galicia e se fan públicos os parámetros de ponderación de materias da proba de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema universitario de Galicia no curso 2026/27, aprobados nos respectivos consellos de goberno das universidades públicas de Galicia, en virtude das atribucións que ten conferidas,

RESOLVE:

Fixar un prazo ata as 14.00 horas do día 30/01/2026 para informara CIUG da posibilidade de estudantado con necesidades específicas de apoio educativo que titulen neste curso ou de anos anteriores. As solicitudes deben ser remitidas segundo o procedemento establecido pola CiUG achegando o modelo do **anexo II**, así como un certificado, asinado pola dirección, secretaría e orientación do centro, sobre as adaptacións levadas a cabo durante toda a etapa educativa (bacharelato ou ciclo formativo). O procedemento e os requisitos son idénticos tanto para o estudantado que titule neste curso 2025/2026 coma para o estudantado que titulou con anterioridade.

As persoas que xa tiveron unha resolución de adaptación en cursos anteriores, para poder gozar de adaptacións nesta convocatoria deberán comunicarlle á CiUG a súa intención de presentarse á PAU 2026 no prazo sinalado neste procedemento (ata as 14.00 horas do 30/01/2026) e indicar en que ano foron resoltas as súas solicitudes de adaptación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a presidencia da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG), no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2025

Asdo. Iván C. Area Carracedo
(Presidente da CIUG)